



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

DECRETO DE CONVOCATORIA

ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 01.10.2020

ÓRGANO: Pleno

SESIÓN: Ordinaria

Conforme ao réxime de sesións acordado polo Pleno en cumprimento do establecido no artigo 46.1 da Lei 7/1985, LBRL, corresponde a celebración de sesión ordinaria o primeiro xoves do mes de setembro. Por acordo dos grupos políticos acordouse desprazar a data de celebración ao 1 de outubro, mantendo o carácter ordinario.

Vista a relación de expedientes concluídos que son competencia do Pleno, así como a estrutura esixida polo artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, LBRL, en uso da competencia regulada no artigo 21.1.c), da citada lei e o artigo 80 do RD Legislativo 2568/1986.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a próxima sesión ordinaria do Pleno no Salón de Sesións da Casa do Concello o día 1 de outubro de 2020, ás 20:00 horas.

SEGUNDO. Que a secretaria acctal realice os trámites legais oportunos para a notificación da convocatoria aos membros da Corporación coa antelación sinalada na vixente normativa.

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.
2. Proposta dos festivos locais para o 2021
3. Aprobación do proxecto de mellora ambiental no campo de fútbol de Lariño.
4. Mocións presentadas
 - 4.1. RE 1786 PSOE, sobre o sobrecoste dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica para os concellos.
 - 4.2. RE 1791 PSOE, con motivo do día internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos.

II. PARTE DE CONTROL

1. Dar conta das resolucións do Alcalde desde a última sesión ordinaria.
2. Rogos e preguntas.

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

Dou fe. A secretaria acctal

María Dolores Maceiras Martínez,